

**Axudas para a promoción
de producións audiovisuais
a través de Internet**

2008



consorcio audiovisual
de **Galicia**

RESOLUCIÓN DO DIRECTOR-XERENTE DO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA DE DATA 4 DE MARZO DE 2008, POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS A TRAVÉS DE INTERNET

O Consorcio Audiovisual de Galicia, no exercicio das súas finalidades específicas, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia e no artigo 2 dos seus Estatutos, considera oportuno establecer accións de promoción do produto audiovisual galego, actuación que se pode encadrar no ámbito das súas finalidades e no Plan de Actividades do Consorcio para o exercicio 2008, mediante o apoio á creación de páxinas webs de producións audiovisuais galegas, xa que un dos piares fundamentais do negocio cinematográfico en particular e do audiovisual en xeral, descansa sobre a promoción, a visibilidade do produto e a creación de expectativas diferenciais diante dun público ao que se lle lanzan infinitas mensaxes referidas a innumerables posibilidades de lecer.

A cuestión está en como lle facer fronte ás poderosas campañas promocionais americanas que copan salas, tempo nos medios, espazos promocionais; facendo que o acceso a estes para calquera produto medio propio se faga en evidentes condicións de inferioridade.

Pódese afirmar que o único espazo no que é posible soste unha presenza en condicións de certa igualdade é na rede. O sistema de acceso é barato, democrático e universal, un recanto dende o que poder ofrecer información directa sobre todo o que rodea unha produción audiovisual, ao que pode acceder calquera usuario; e todo iso cun custo relativamente baixo, en relación ao impacto e á eficacia xerada.

Por todo isto, o desenvolvemento de páxinas webs de producións convértese nun dos mellores instrumentos para a promoción audiovisual, fin último do Consorcio.

No exercicio da delegación expresa, concedida polo Presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia na reunión do Consello de Dirección de data 13 de xuño de 2006, en virtude do establecido no artigo 12.1 dos Estatutos do Consorcio Audiovisual de Galicia publicados por Resolución de 15 de xuño de 2006 (DOG de 4 de xullo);

RESOLVE

1. Establecer as bases da convocatoria de apoio á promoción de producións audiovisuais a través de Internet, suxeitándose á normativa contida na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, de acordo coas bases do Anexo I.
2. De acordo co punto 11.4 dos Estatutos, esta Resolución non esgota a vía administrativa, e cabe contra ela Recurso de alzada ante o Consello de Dirección nos prazos e cos requisitos que establece a Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común (en adiante Lei 30/1992). Contra a Resolución do Consello de Dirección, poderá interpoñerse potestativamente Recurso de reposición, ou acudir directamente á Xurisdición contenciosa administrativa nos prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

ANEXO I - BASES

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é o apoio, en réxime de concorrencia non competitiva, a todas aquelas accións a través da rede que estean destinadas á promoción de producións audiovisuais, co fin de conseguir que o público se sinta atraído, dende o mesmo momento do inicio da produción, para crear un espectador activo que se converta en consumidor do produto audiovisual.

2. PRESUPOSTO

O presuposto dedicado a estas axudas será de **80.000 euros**, que se imputará ao capítulo VII do orzamento de gastos do Consorcio para o exercicio 2008.

3. BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas axudas as empresas de produción cinematográfica independentes que estean legalmente constituídas en Galicia, con sede social e domicilio fiscal en Galicia ou establecidas nun Estado-Membro da Unión Europea con axencia permanente en Galicia.

4. REQUISITOS PARA ACCEDER ÁS AXUDAS

Deberá tratarse de proxectos de promoción e publicidade baseados en tecnoloxías *on-line* (Internet) e que estean incluídos nos presupostos de explotación das producións audiovisuais.

Apoiaranse as producións ou coproducións galegas.

No suposto de longametraxes, a participación económica da produtora galega deberá ser superior ao 30% do presuposto de produción e/ou posuír como mínimo o 20% dos dereitos de explotación da obra audiovisual, que deberá ser acreditado polo ICAA ou EGEDA.

No caso doutras producións audiovisuais requirirase, igualmente, documentación abondo que acredite a participación suficiente da produtora galega.

As accións subvencionables executaranse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008.

5. ÓRGANO DE XESTIÓN

Correspóndelle ao Consorcio Audiovisual de Galicia a realización das tarefas de xestión necesarias para a concesión das axudas previstas na convocatoria.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, xunto coa documentación necesaria, poderán presentarse na sede do Consorcio Audiovisual de Galicia (Rúa do Hórreo, 61 – 15702 Santiago de Compostela) ou por calquera dos medios indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

O prazo de presentación de solicitudes será a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 1 de decembro de 2008.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

O modelo de solicitude poderase obter no enderezo de Internet www.consorticioaudiovisualdegalicia.org ou ben na propia sede do Consorcio.

Unha vez analizada a solicitude e a documentación necesaria se se observase a existencia de defectos, notificaráselle ao solicitante para a súa emenda nun prazo de dez días naturais, polos mesmos medios que os sinalados no primeiro parágrafo deste punto. No caso de non emendar o defecto ou de facelo de modo inadecuado, entenderase que desiste da solicitude formulada.

7. GASTOS SUBVENCIONABLES

Entenderanse gastos subvencionables, a efectos da presente convocatoria, os seguintes:

- Gastos de deseño de desenvolvemento de contidos dixitais ou audiovisuais, así como aplicacións informáticas relacionadas coa promoción de producións audiovisuais.
- Gastos de realización de cortes de audio, vídeo e banda sonora incluídos na web.
- Gastos derivados da selección de fotografías de rodaxe, actores, localizacións, etc.
- Gastos derivados da publicidade a través da rede da produción audiovisual a través de distintos medios (*banners*, regalos, etc).

8. IMPORTE DAS AXUDAS

O importe da axuda non poderá superar en ningún caso o 40% do presuposto declarado, IVE excluído, establecéndose unha cantidade máxima de 9.000 € por proxecto e sempre que exista dotación orzamentaria.

9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO MOMENTO DA SOLICITUDE

a) Formulario de solicitude que inclúa (Anexo II):

- Datos sobre a empresa produtora.
- Datos sobre o proxecto que se presenta á axuda.
- Orzamento detallado do custo real da promoción da produción audiovisual a través de Internet.

b) Plan de distribución, promoción e marketing a través de Internet da produción audiovisual.

- Relación de documentación que se xunta.

c) Documentación da produtora solicitante:

- Escrituras de constitución da empresa e escrituras de poder do Representante legal.
- Copia do CIF da empresa solicitante.
- Declaración do Representante da empresa de non ter débedas coa Facenda Pública Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social. No caso de recibir a axuda deberá presentar certificados acreditativos no momento da xustificación.

No caso de que a produtora solicitante xa achegara noutra convocatoria do Consorcio esta documentación e non sufrise cambios non será necesario achegala de novo. Neste caso presentarase unha declaración neste sentido indicando a convocatoria na que foi presentada, de acordo ao establecido na letra f do artigo 35 da Lei 30/1992 .

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

Documentación xeral:

- No caso de longametraxes en coprodución: Certificación do ICAA ou EGEDA da participación económica da produtora galega, que deberá ser superior ao 30% do orzamento de produción da película e/ou posuír como mínimo o 20% dos dereitos de explotación da obra audiovisual.
- Memoria das actividades a desenvolver, que debe incluír calendario de produción e posta en marcha da acción, mantemento e seguimento da mesma.
- Informe da compra de dominio con indicación do nome e documento acreditativo de titularidade.
- Informe de accións promocionais a desenvolver en Internet, xuntando memoria das accións a realizar para a promoción do *site* e/ou da produción, indicando as que se refiren á publicidade en buscadores ou noutros medios *on-line*, as campañas de *banners*, etc.
- Acordos con posibles patrocinadores para o desenvolvemento do *site* ou das accións promocionais, no caso de que existan.
- Contratos co equipo de deseño que pode ser:
 - 1) Da propia produtora (interno):
 - a) Será necesario presentar os contratos laborais asinados das persoas responsables destas accións cando a súa dedicación sexa do 100% no deseño.
 - b) Ou ben un xustificante coas horas dedicadas por cada unha delas a estas actividades.
 - 2) Externo: deberase presentar a factura proforma aceptada correspondente á realización do traballo, así como o contrato asinado coa empresa ou profesional contratado.
- Informe sobre a estrutura de contidos do *site* a desenvolver, incluíndo un documento explicativo do contido e especificando que partes son dinámicas e cales non. Como mínimo deberá contar con dúas seccións: Pública e Privada. A pública estará dirixida ao público en xeral e a privada aos profesionais dos medios de comunicación que, previo rexistro, poderán acceder á información exclusiva sobre a produción audiovisual, para as reportaxes que realicen para os respectivos medios.

De forma orientativa, poderían ser apartados de ambas as dúas seccións os seguintes:

SECCIÓN PÚBLICA:

- Información do proxecto: sinopse, equipo técnico, equipo artístico.
- Diario de rodaxe: selección de fotografías de rodaxe e asociados, con actualización diaria, semanal ou mensual.
- Galería de fotos.
- Boletín de novas semanal informando a todos aqueles interesados das últimas novidades da rodaxe.
- Entrevistas relacionadas co proxecto, co equipo, cos actores ou coas localizacións.
- Zona de regalos.
- Sección de participación, con concursos ou actividades para acadar a resposta do público.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

SECCIÓN PRIVADA:

- Galería de fotos en alta resolución.
- Entrevistas cos actores, co director e co produtor.
- *Press Book* electrónico.
- Cortes de audio.
- Cortes de vídeo.
- Cortes da banda sonora.

10. TRAMITACIÓN, ÓRGANO INSTRUTOR, ÓRGANO COLEXIADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Servizo competente do Consorcio Audiovisual de Galicia tramitará as solicitudes e instrumentará os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

A proposta de concesión formularáselle ao Presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia por un órgano colexiado, que terá a seguinte composición:

- O Director-Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- O Vicepresidente 1º do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- Como secretario, o Secretario do Consello de Dirección do Consorcio Audiovisual de Galicia.

As solicitudes valoraranse segundo os principios regulados no artigo 5.2 da Lei de Subvencións de Galicia, se cumpren os requisitos desta Resolución e obterán axuda segundo a prelación que determine a súa presentación no Rexistro do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Para a concesión ou denegación da axuda atenderase exclusivamente ao cumprimento dos requisitos da presente convocatoria e ata o límite orzamentario sinalado no punto 2.

Cada solicitude xerará unha Resolución individual.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da Resolución de concesión.

11. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

- a) A comunicación do Consorcio farase á produtora, de forma fidedigna informándoa do importe e do detalle dos conceptos subvencionables, así como do procedemento, documentación e xustificantes que esta deberá achegar.
- b) No caso de se producir modificacións sobre o proxecto inicial, estas deben ser notificadas e aceptadas polo Consorcio.
- c) A publicidade das axudas adxudicadas efectuarase segundo se establece no artigo 13º punto 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e de Boas Prácticas na Administración pública galega, mediante a publicación periódica das axudas na web do Consorcio Audiovisual de Galicia: **www.consorcioaudiovisualdegalicia.org**.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

- d) De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro. Poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao Consorcio Audiovisual de Galicia, con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º, CP 15702 de Santiago de Compostela.

12. RENUNCIA

Sen prexuízo dos Recursos que procedan contra a Resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a súa notificación ou publicación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á axuda entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A renuncia á axuda poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o Director-Xerente do Consorcio ditará a correspondente Resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992.

13. PRAZO PARA RESOLVER E RECURSOS

Transcorrido o prazo de tres meses dende a presentación da solicitude sen que o órgano instructor notificase Resolución expresa, as produtoras solicitantes poden entender como desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, podendo interpoñer Recurso de Alzada, no prazo dun mes, ante o Consello de Dirección do Consorcio, e contra a Resolución desa Alzada cabe Recurso potestativo de Reposición. Contra a desestimación expresa ou presunta desa Reposición, caberá Recurso Contencioso-Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

14. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Para a xustificación das axudas deberá presentarse, antes do 15 de decembro de 2008, a seguinte documentación:

1. Copia das facturas orixinais que xustifiquen o presuposto previamente presentado, excluído o IVE.
2. Posibilidade de acceso ao *site*.
3. Comprobación do cumprimento da obriga sinalada no punto 16 a.
4. Informe de estatísticas mensuais, tanto de acceso ao *site* como ás accións promocionais concretas.
5. Declaración de axudas solicitadas e/ou recibidas para o mesmo fin por outras institucións, organismos públicos ou privados, etc.
6. Certificados vixentes de non ter débedas coa Facenda Pública Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.
7. Datos bancarios (Anexo III).

15. PAGO DAS AXUDAS

O importe das axudas será aboado unha vez se reciban todas as xustificacións establecidas no punto 14, xunto coa solicitude de pago remitida ao Consorcio pola produtora beneficiaria da axuda.

No caso de que a xustificación de gastos referida no punto 14.1 sexa menor, o importe da axuda reducirase na mesma proporción.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

16. OUTRAS OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- a) Facer constar na páxina de inicio e nun lugar destacado do *site* o logotipo do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- b) Comunicar ao Consorcio os actos públicos de presentación da web, onde se contara coa presenza institucional do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- c) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa requirida en relación á subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación do Consorcio Audiovisual de Galicia, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros órganos competentes.

17. CONCORRENCIA

En ningún caso o importe das subvencións concedidas será de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras Administracións públicas ou doutros Entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, supere o custo da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza legalmente.

18. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento por parte do beneficiario de calquera das obrigas previstas nas presentes bases, facultará ao Consorcio Audiovisual de Galicia para determinar a cantidade que finalmente teña que percibir o beneficiario, baseándose no principio de proporcionalidade. No caso de que se lle solicite ao beneficiario o reintegro do importe da bolsa, instruirase o correspondente expediente sancionador, conforme ao previsto no artigo 79 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e de acordo co establecido na Lei 30/1992.

Santiago de Compostela, a 4 de marzo de 2008

O Director-Xerente
Ignacio Varela Ramos

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

ANEXO II

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA WEBS

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA PRODUTORA

Nome

Enderezo

CIF

Localidade

Representante legal

Código Postal

Persoa de contacto

Provincia

Páxina web

Teléfono

Fax

2. DATOS DA PRODUCCIÓN OBXECTO DE SOLICITUDE

Título versión orixinal

Data produción

Orzamento produción

Xénero

Ficción

Animación

Documental

Datos coproducións

Coprodución

SI

NON

Empresa

% participación

Datos técnicos

Duración (minutos)

Formato

Lingua versión orixinal

Sistema de son

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración do Consorcio Audiovisual de Galicia con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º-15702-Santiago de Compostela, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos nos mesmos, a respectar a súa confidencialidade e a utilizalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

Datos artísticos

Director

Guionista

Actores

Breve sinopse

Nomeamentos e premios acadados

3. ORZAMENTO

Estimación do orzamento de explotación do plan de distribución, promoción e marketing para Internet

Euros

Gastos de deseño de contidos dixitais ou audiovisuais, aplicacións informáticas de promoción de producións audiovisuais

Gastos de realización de cortes de audio, vídeo e banda sonora incluídos na web

Gastos derivados da selección de fotografías de rodaxe, actores, localizacións, etc.

Gastos derivados da publicidade a través de Internet

Outros gastos

Total

Subvención solicitada

% Subvención solicitada/investimento realizado

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración do Consorcio Audiovisual de Galicia con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º-15702-Santiago de Compostela, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos nos mesmos, a respectar a súa confidencialidade e a utilizalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

4. PLAN DE DISTRIBUCIÓN E MARKETING

Plan de distribución, promoción e marketing

Descrición do plan de distribución en Internet (Informe de accións a desenvolver)

5. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Escrituras de constitución da empresa
Escrituras de poder do representante
Copia do CIF da empresa solicitante
Declaración de non ter débedas coa Seguridade Social, Facenda pública estatal e autonómica
Certificación do ICAA ou EGEDA de participación na coprodución
Memoria de Actividades a desenvolver
Informe de compra de dominio
Informe de accións promocionais a desenvolver en Internet
Acordos con posibles patrocinadores para o desenvolvemento do site
Contratos co equipo de deseño
Informe sobre a estrutura de contidos do site

En _____ a _____ de _____ de 2008

Asinado:

Director-Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración do Consorcio Audiovisual de Galicia con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º-15702-Santiago de Compostela, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos nos mesmos, a respectar a súa confidencialidade e a utilizalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

ANEXO III

DATOS BANCARIOS

Ficha de solicitude de transferencia bancaria

Titular da conta

DNI/NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE (INDICAR CÓDIGO POSTAL)

TELÉFONO

DATOS DA CONTA

CÓDIGO BANCO

CÓDIGO SUCURSAL

D.C.

CÓDIGO DA CONTA

BANCO

ENDEREZO

C.P.

LOCALIDADE

CERTIFICO:

Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta.

En

a

de

de 2008

SINATURA DO SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración do Consorcio Audiovisual de Galicia con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º-15702-Santiago de Compostela, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos nos mesmos, a respectar a súa confidencialidade e a utilizalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet 2008

ANEXO IV

RENUNCIA DA AXUDA PARA WEBS

BENEFICIARIO

PROXECTO SUBVENCIONADO

Trala notificación do Consorcio Audiovisual de Galicia da concesión dunha subvención por importe de euros para a promoción dunha produción audiovisual a través de Internet, conforme á Resolución de data 4 de marzo de 2008 do Director-Xerente,

EXPOÑO

Que renuncio á axuda coa finalidade e o importe arriba indicados.

En _____ a _____ de _____ de 2008

O/a representante legal da produtora beneficiaria

Asinado:

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración do Consorcio Audiovisual de Galicia con enderezo na Rúa Hórreo 61-1º-15702-Santiago de Compostela, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos nos mesmos, a respectar a súa confidencialidade e a utilizalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.